

A vinganza da bruxa de Cangas

Chámome María Soliña e din que son bruxa. Non sei por que se eu só pesco co meu home e vendo merluza e congro no porto de Cangas.

Leváronme a pel coa mesma calma coa que se desbroza un camiño. Non con preza, non con odio, senón coa falsedade de quen cre que a dor allea é unha ferramenta. Pero cando deixaron a miña carne ao aire, non entenderon o que fixeran: ao quitarme a pel, déronme outra cousa.

Déronme verdade.

Agora non esquezo. Agora non durmo.

No claro onde me deixaron morrer —ou iso pensaban eles— a terra sabe quen son. Bebe o que perdo, custódia o que me queda, abre fendas cando regreso arratrándome.

Cada marca que deixo no chan é un recordo vivo da traizón do meu pobo, dos meus veciños.

*Aínda non facía moito unha veciña miña contoume que por Labort andaban queimando na fogueira a mulleres porque viron que facían maxia para afundir barcos e fornicar con Lucifer. Eu levei as mans á cabeza. E agora estame a pasar o mesmo a min!
Aínda que supoño que teño que dar as grazas porque non me queimaron.*

A min torturástesme tentando arrancarme unha confesión de algo que eu non fixera.

Cando vos sinto no bosque, non busco pel. Xa non quero cubrirme. Quero que sintades o que eu sentín: o frío entrando na carne aberta, a impotencia de non poder berrar, o terror de saber que ninguén me ía poder salvar. O medo que se pega á alma cando a dor non remata.

Cando vos achades comigo, non vos arrastro para calmar fame ningunha: arrástrovos para lembrar. Para devolver, un por un, os xestos que fixestes comigo.

Se ousades mirar para min, mostro o que queda do meu corpo, porque sei que o vermello quente das miñas feridas é o espello no que veredes o voso final. E se tentades fuxir, fágovos sentir o peso da traizón para que aprendades que deixa o seu burato.

Aqueles que me fixeron isto xa non existen. Non como persoas. A súa carne é parte do bosque; os seus ósos, sementes os seus berros; raíces.

Convertín a súa dor en espello para todos vós, os que chegastes tarde pero chegastes igual.

Eu non morrerei. A vinganza non morre, só muda de forma.

E ti, que me escoitas agora, ti sabes que é cuestión de tempo. Non importa quen fose o primeiro. Importa quen será o seguinte.

Eu agardo.

Claudia Rodríguez Iglesias

Na memoria de María Soliña, xulgada en 1621 en Cangas

